



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE XULLO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e trinta minutos do día dezanove de xullo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201200000001066 de dona Sonia Nieto Cebeiro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vigo, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda consistente na reforma interior de vivenda unifamiliar situada en Sarandón nº 9, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dez (#110,00#) euros.

2.2.- Instancia núm. 201200000000961 de don Gerardo Albela Lema.



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, nunha superficie aproximada de 130 m² en planta, pintar paredes exteriores e encintar outras, situada en San Gregorio, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor a utilizar nas fachadas harmonizará co entorno e co medio rural e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde. Ademais por estar dentro da zona de afección da estrada A-241 deberá contar coa autorización da Xunta previo ao inicio das obras.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos dezanove euros con setenta e seis céntimos (#219,76#).

2.3.- Instancia núm. 2012000000001109 de dona María Luisa Vigo Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con base de formigón, postes e arame, de aproximadamente 10 m. de lonxitude, no lugar de Vilar, en solo cualificado no PXOM como de solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 m. de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima do cerramento non superará o rasante natural do terreo e en ningún caso será superior a 1,80 m. e a altura máxima da parte diáfana será de 1,20 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.4.-Instancia núm. 2012000000001108 de dona Delia Carreira González.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 25 m. de lonxitude, no lugar de Ximonde, en solo cualificado no PXOM como de solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: respectaranse os lindes con outros propietarios; garantirase o natural discorrer das augas e no



caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 2012000000001094 de don Manuel Gamallo Sinde.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación da AA.VV Picón, solicita licenza para o pintado do palco e cantina do campo da festa de Vilanova, situado en Picón, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), zona libre ZL-34, así como a exención das taxas e impostos municipais.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación, nin afectarán á estrutura da mesma; as cores a utilizar na fachada serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais existentes. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

2º.- Así mesmo concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ao tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

2.6.- Instancia núm. 2012000000001025 de dona Josefina Ferradán Pazos.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 1683 do plano de concentración parcelaria de Ribadulla, situada en A Lagoa, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas nas arcas municipais, que ascenderon á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2º.- O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.7.- Instancia núm. 2012000000000947 de don José Angel Albela Albela.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 225 m. de lonxitude, con base de pedra, postes e arame, no lugar de Cimadevila, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía municipal e respecto da estrada AC-241 situarase á distancia marcada pola Xunta de Galicia; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m. na zona da vía municipal. Ademais axustarase ás condicións da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos dous euros con vinte e tres céntimos (#202,23).

2.8.- Instancia núm. 2012000000001105 de don Manuel Ignacio Castro Mera.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a reforma da vivenda, consistente na substitución de tella, pintado de fachadas e substitución da plaqueta da beirarrúa, situada en Quintáns, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección forestal (R3).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branca ou en ton suave acordes coa paisaxe.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos oitenta e catro euros con corenta e catro céntimos (#284,44#).

2.9.- Licenza concedida a don Juan Dominguez Muñiz.

En relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 26/03/2012 a don Juan Dominguez Muñiz para a construción dun cerramento en Nande-San Fins de Sales (licenza 2012/006/000014), detectado erro no informe técnico emitido, xa que lindando coa parcela polo norte existe un vial que foi considerado unha servidume de paso por non estar na cartografía municipal nin no inventario municipal de bens, se ben existe o vial grafado nos planos de concentración dunha zona contigua á mesma, a Xunta de Goberno acorda modificar a licenza concedida, debendo o cerramento recuarse 10,50 m. dende o eixe respecto do vial principal e 4,00 m. dende o centro do vial de concentración parcelaria.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total de edificacións.

3.1.- Instancia núm. 944 de don Benigno E. Ramón Fernández Martínez.



Dáse conta da instancia na que o interesado con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total dunha nave situada na parcela con referencia catastral 002001000NH43C0001LR, situada en Silva de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a nave situada en Silva de Abaixo (ref. Catastral 002001000NH43C0001LR) nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de setecentos noventa e tres euros con corenta céntimos (#793,40#).

3.2.- Instancia núm. 566 de don Manuel Silva Fernández.

Dáse conta da instancia na que o interesado con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total dunha nave situada na parcela con referencia catastral 15090A506010680001SJ, situada en Caraxaville nº 20, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Gonzalo Navaza Mosteiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a nave situada no núm. 20 do lugar de Caxaraville, da parroquia de San Miguel de Sarandón (ref. Catastral 15090A506010680001SJ) nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de setecentos noventa e un euros con corenta e un céntimos (#791,41#).

4º.- Acordo, se procede, sobre clasificación de ofertas presentadas para a adxudicación das obras do POS 2012.

4.1.- Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (12.2100.0217.0)

Por Resolución da Alcaldía de data 05/07/2012 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente na



Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (12.2100.0217.0), incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012).

Vista a proposta da Mesa de Contratación, en función das puntuacións obtidas polos licitadores, tendo en conta os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas para a contratación desta obra, aprobadas polo Pleno da Deputación con data 25/05/2012 e publicadas no BOP nº 103/12, do 1 de xuño.

Examinada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276/11, do 16 de novembro), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1.- Obras y Viales de Galicia, S.L : 41,50 puntos
- 2.- Espina y Delfín: 22,50 puntos
- 3.- Atlántica de Construcción y Medio Ambiente:0,00 puntos

Segundo.- Notificar e requirir a Obras y Viales de Galicia, S.L licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que houberse comprometido dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do citado texto refundido e resguardo de ter constituída a garantía definitiva.

4.2.- Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (12.2100.0218.0)

Por Resolución da Alcaldía de data 29/06/2012 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente na *Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (12.2100.0218.0)*, incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012).

Vista a proposta da Mesa de Contratación, en función das puntuacións obtidas polos licitadores , tendo en conta os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas para a contratación desta obra, aprobadas polo Pleno da Deputación con data 25/05/2012 e publicadas no BOP nº 103/12, do 1 de xuño.

Examinada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276/11, do 16 de novembro), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1.- Construcciones Boqueixón, S.L: 20,00 puntos
- 2.- Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de agua, S.A: 16,00 puntos
- 3.- Hermanos Couto Fandiño, S.L : 7,50 puntos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Segundo.- Notificar e requirir a Construcciones Boqueixón, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que houberse comprometido dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do citado texto refundido e resgardo de ter constituída a garantía definitiva.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor	Importe	Descrición
A-383	Autocares Mougán S.L.	243,00 €	Servizo de autobús para Festa 3ª Idade 2012
T 4.761	Comercial Veiras S.A.	119,70 €	Arranxo tractor Lamborghini E-9223-BBB en xuño
1.120.412.821.650	Gas Natural, SA	160,17 €	Subministro a albergue de peregrinos mes abril
05/2012	Gas Natural, SA	341,63 €	7 fras. de maio por subministro a edif. culturais mes abril
1.120.412.769.151	Gas Natural, SA	-42,90 €	Fra. regularización Casa Cámara Agraria Sta. Cruz
1.120.412.755.958	Gas Natural, SA	-69,89 €	Fra. regularización Casa Antigo Xulgado de Vedra
05/2012	Gas Natural, SA	553,33 €	10 fras. de maio por subministro escolas unitarias mes abril
1.120.412.738.048	Gas Natural, SA	-5,00 €	Fra. regularización escola de San Mamede
1.120.412.770.680	Gas Natural, SA	8,51 €	Subministro a estación bombeo de Socastro mes abril
1.120.412.709.339	Gas Natural, SA	227,28 €	Subministro ao punto limpo mes abril
1.120.412.783.045	Gas Natural, SA	276,37 €	Subministro a ludoteca mes abril
1.120.412.719.552	Gas Natural, SA	26,88 €	Subministro a nave de Trobe mes abril
05/2012	Gas Natural, SA	415,96 €	3 fras. por subministro centros saúde mes abril
1.120.412.735.838	Gas Natural, SA	-158,32 €	Fra. regularización escola de Ponte Ulla



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A/567	Galiza Verde, S.L.	328,36 €	Xestión- transporte residuos punto limpo en xuño
M 200.360	Editorial Compostela, SA	300,00 €	Concerto publicitario ano 2012 mes xuño
562.620.126.800.037	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	2.312,00 €	Produto para arranxo pistas subministrado en xuño
1	Pena Alonso Jose M.	80,00 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes xaneiro
2	Pena Alonso Jose M.	108,94 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes febreiro.
3	Pena Alonso Jose M.	134,03 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes marzo
4	Pena Alonso Jose M.	86,01 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes abril
5	Pena Alonso Jose M.	146,95 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes maio
6	Pena Alonso Jose M.	165,02 €	Servizo taxi para usuarios S.Sociais xaneiro-abril
VD 06/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	5.969,35 €	Servizo gardería en escola infantil mes xuño
28-G282-371836	Telefónica Móviles España, S.A.	473,78 €	Fra. de xullo polos servizos de telefonía móbil
20	Rey Canicoba Juan M.	1.067,90 €	Traballos de pintura no centro de saúde de Vedra
3	Suárez Barreiro Pilar	1.282,27 €	Atención e mantemento do albergue mes xuño
12/7	Freiría Suárez José María	3.701,03 €	Servizos de limpeza mes xuño
32 4654	Ulla-Oil S. L.	1.257,15 €	Gasóleo B subministrado en xuño en nave de Trobe
120.225	Grafinova Artes Graficas	188,80 €	Postais 'Encaixando pezas para semana ciencia
120.226	Grafinova Artes Graficas	1.041,35 €	Plotters Ano Internacional Química-semana ciencia



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



120.227	Grafinova Artes Graficas	372,88 €	Traballos para Entroido Municipal 2012
120.228	Grafinova Artes Graficas	2.637,30 €	Traballos para campaña Son Vedra e Feiravedra 2012
120.229	Grafinova Artes Graficas	120,36 €	Tickets numerados para Festa 3ª Idade 2012
120.230	Grafinova Artes Graficas	29,50 €	Tarxetas para Festa do Viño 2012
356	Viajes Peillet S.L.	405,00 €	Serv.autobús viaxe 3ª Idade a Termas dende Santiago, con achegas dos participantes
369	Viajes Peillet S.L.	150,00 €	Serv. autobús para visita CPI Vedra a punto limpo
370	Viajes Peillet S.L.	351,00 €	Serv. autobús para viaxe 3ª Idade a Termas en xuño, con achegas dos participantes
371	Viajes Peillet S.L.	594,00 €	Serv. autobús para viaxe 3ª Idade a Canóns do Sil, con achegas dos participantes
013/12	Vilarpiñeiro, S.L.	2.017,80 €	Subministro cadernos de Los Caminos a Santiago
ABONO Nº 1	Suárez Barreiro Pilar	1.469,85 €	Importe consumo gas-electricidade albergue en abril
01/12	A. Cultural Papaventos	262,55 €	Actuación teatral realizada o 21/04/12 en Vedra
950/135172	Initial Textiles e Higiene, SL	250,79 €	Servizo unidades hixiénicas meses xullo a decembro
041G 88154	Acredores diversos	44,90 €	Ticket de La Marca por radio-cd para a ludoteca
5 Tickets	Acredores diversos	119,66 €	Materiais para a Ludoteca de Verán 2012
0	Alcampo Santiago	6,19 €	Ticket por produtos para madrugadores en xuño
720/12	Gráfica de Asturias S.L.	220,67 €	Material de oficina subministrado en xuño



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



95/12	Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L.	2.300,00 €	Mantemento alumeados públicos mes xuño
7	Axencia Comunicando, S.C.	371,70 €	Bolsas impresas para atencións protocolarias
012/12	Mera Sanchez Delmira - Xardíns O Val de Illobre	784,70 €	Desbrozado-limpeza terreos municipais mes xuño
2.968	Asvetrans, S. Coop. Galega	4.187,82 €	Servizos prestados dende Probisa a Vedra en xuño
17	Grupo Acofide, SC	5.826,25 €	Xestión do pavillón municipal mes xuño
2.012	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Curso manualidades mes xuño
1312/2012	Ortigueira S.A.	136,08 €	Subministro camelias para parque Santa Cruz en febreiro.
5/2012	Ortigueira S.A.	-85,05 €	Rectificación fra. 1314/2012 de data 07/03/12
12-717	Puente Ulla S.L.	1.694,11 €	Gasóleo para camión recollida lixo mes xuño
12-716	Puente Ulla S.L.	89,63 €	Gasolina para brigada verde subministrada en xuño
12-711	Puente Ulla S.L.	227,83 €	Gasóleo B para tractores subministrado en xuño
182/12	Talleres y Repuestos Barco S.L.	316,25 €	Subministros e repostos para tractores mes xuño
3.120.310.356.69 1	Unión Fenosa Comercial, S.L.	704,51 €	Subministro á depuradora S. Xián (de 29/02 a 30/03)
3.120.310.349.99 3	Unión Fenosa Comercial, S.L.	434,88 €	Subministro á casa concello (de 29/02 a 30/03)
3.120.310.354.22 7	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.336,59 €	Subministro ao CPI de Vedra (de 29/02 a 30/03)
3.120.310.362.72 2	Unión Fenosa Comercial, S.L.	224,55 €	Subministro á gardería (de 29/02 a 30/03)
1.120.312.740.31 2	Gas Natural, SA	164,14 €	Subministro a oficina turismo (de 28/02 a 30/03)
04/2012	Gas Natural, SA	3.971,82 €	Fras.de abril por subministro a alumeados públicos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



S12/071292	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscripción a La Voz de Galicia mes xuño
0	DTS, SA (Digital +)	17,95 €	Servizo TDT e Canal+ en casa 3ª idade mes xullo
1207C0613612	Securitas Direct S.A.	221,85 €	Mantemento alarma casa concello durante 3T/2012
1207C0617651	Securitas Direct S.A.	143,87 €	Mantemento alarma oficina turismo durante 3T/2012
1207C0625398	Securitas Direct S.A.	157,35 €	Mantemento alarma casa 3ª idade durante 3T/2012
1207C0626778	Securitas Direct S.A.	160,36 €	Mantementos alarma biblioteca durante 3T/2012
12-A/6.775	Sistemas de Seguridade A-1, SL	579,24 €	Mantemento anual alarma Museo Paz Camps
12-A/6.776	Sistemas de Seguridade A-1, SL	481,33 €	Mantemento anual alarma Casa Antigo Xulgado
12/0120	Maquicar-Maquinaria, SL	165,20 €	Aluguer plataforma para arranxo luces pavillón
0284/E12	Talleres San Fins S.L.	76,70 €	Arranxo desmalezadora avanzada en xuño
0274/E12	Talleres San Fins S.L.	258,42 €	Arranxo desmalezadora avanzada en xuño
0308/E12	Talleres San Fins S.L.	247,36 €	Mantemento desmalezadoras brigada verde en xuño
0309/E12	Talleres San Fins S.L.	134,64 €	Arranxo tractor Lamborghini en xuño
310/E12	Talleres San Fins S.L.	431,98 €	Arranxo e itv vehículo brigada obras en xuño
0311/E12	Talleres San Fins S.L.	1.299,48 €	Mantemento desmalezadora avanzada mes xuño
A/17	Casal Devesa Maria Isabel - Cafe bar A Vosa Casa	353,16 €	Servizo prestado para acto entrega medalla prata a don Manuel Barcia
2319311/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscripción a El Correo Gallego mes xullo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.201.049.694	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	206,50 €	Alugamento locais estación Santa Cruz mes xullo
12/0546	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	361,80 €	Servizos prestados no punto limpo en xuño
207.115	Papelería Ledoira, S.L.	326,27 €	Papel A3 e A4 para fotocopiadora servido en xuño
11	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	2,50 €	Augas para acto de entrega medalla de prata a D. Manuel Barcia
CR 19/12	Galitrans-96, S.L.	247,80 €	Transporte alimentos de Cruz Vermella dende Coruña
01/2012	Clavijo Salgado Ramon (Asoc. Senunpeso Producions)	1.060,00 €	Organización do Laboratorio Audiovisual LAV 012
V698248	Ricoh España, SLU	118,31 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais abril-xuño
A/4323	Sys Galaica, SL	141,60 €	Revisión-arranxo sistema seguridade en gardería
421.067.597	Mapfre Vida, S.A.	300,00 €	Recibo seguro contratado para Escola de Verán 2012
265	Sociser Galicia, S.L.	4.792,32 €	Servizo asistencial a domicilio mes xuño
266	Sociser Galicia, S.L.	9.323,53 €	Horas SAF dependencia mes xuño
562.620.126.800.042	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	2.299,94 €	Produto para asfaltado de pistas servido en xullo
47	Garcia Garcia S.C.	1.919,86 €	Materiais diversos subministrados en 1º sem/2012
46	Garcia Garcia S.C.	251,91 €	Materiais para arranxo fonte en Merín
45	Garcia Garcia S.C.	228,71 €	Materiais para actividades culturais en 1ºSem/2012
48	Garcia Garcia S.C.	101,39 €	Produtos para punto limpo servidos en 1ºsem/2012
50	Garcia Garcia S.C.	224,79 €	Produtos para actividades 3ª Idade en 1º Sem/2012



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



51	Garcia Garcia S.C.	297,88 €	Produtos para limpeza CPI de Vedra en 1ºsem/2012
52	Garcia Garcia S.C.	10,99 €	Materiais para servizos sociais en 1º sem/2012
49	Garcia Garcia S.C.	16,90 €	Materiais para Protección Civil en 1º sem/2012
294	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	150,25 €	Materiais para pintura da casa concello en xuño
295	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	10,24 €	Materiais para actividade luvas verdes mes xuño
4.000.941.196	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	442,09 €	Servizo de franqueo pagado mes xuño
A00019548	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	9,46 €	Servizos prestados en xuño
1.120.610.118.401	Gas Natural, SA	176,65 €	Subministro a albergue de peregrinos mes maio, a repercutirle á adxudicataria do contrato
96.004.222	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	77,90 €	Cartucho de grampas para fotocopiadora planta baixa
TA4620050499	Telefónica de España, SAU-Movistar	80,80 €	Servizo telefonía fixa en sede Protección Civil
562.620.126.800.044	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	2.187,96 €	Produto para arranxo pistas subministrado en xullo
243	Joyeria Frade-Frade Lombadero Antonio	450,76 €	Medalla prata e troquel para entrega a Sr. Barcia Valiñas
2012/33	Patricia Furelos Ben	92,7 €	Curso monitores turísticos
32.107.736	Automóviles Louzao, S.A.U.	1.078,38 €	Arranxo camión recollida do lixo en xullo
1CSN120700281200	Cide Hcenergía, S.A.	262,94 €	Subministro ao alumeadado público de Caldelas meses maio e xuño
07/2012	Telefónica de España, S.A.U.	1.357,4 €	12 facturas de xullo polos servizos de telefonía fixa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	María Canedo de la Torre	34,44 €	Quilometraxe de febreiro a xullo
	Carmen A. Sabio Sanz	59,89 €	Quilometraxe do mes de xuño
	Carlos J. Sanmartín Carrera	111,83 €	Fondo social (seguro médico) segundo bases do orzamento . 75%
	Membros Comisión baremo escola infantil	159,43 €	Asistencia á Comisión baremo para curso 2012/2013
	Membros Mesa Selección	187,64 €	Asistencias para a contratación dun axudante para o servizo de recollida de lixo para a cobertura de vacacións
	M ^a . Jesús Piñeiro Caldelas	121,8 €	Quilometraxe de abril a xuño
	Sonia Carbia Cutrín	41,3 €	Quilometraxe meses de marzo a xullo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Acordo sobre suspensión licitación convocada para a subministración dun camión de recollida de residuos sólidos urbanos

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 22 de xuño aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen o contrato de subministración dun camión de recollida de residuos sólidos urbanos, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación.

Dado que ese tipo de camión non é o máis axeitado para a prestación do servizo ao que se pretende destinar, considerouse a conveniencia de deixar en suspenso a licitación cuxo prazo de presentación de proposicións remata o vindeiro 21 de xullo, e no seu caso convocar un novo procedemento cunhas prescricións técnicas máis axeitadas ao servizo.

Por iso a Xunta de Goberno acorda suspender a licitación convocada , segundo anuncio de licitación publicado no BOP nº 128/12, do 6 de Xullo e no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

7º.- Acordo sobre suspensión licitación convocada para a contratación do servizo de xestión de instalación e actividades do pavillón municipal de Vedra

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 10 de xullo aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adjudicación do contrato de servizos de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación.

Por circunstancias sobrevidas que afectan á prestación do servizo considérase conveniente deixar en suspenso a licitación, e no seu caso convocar un novo concurso.



Por iso a Xunta de Goberno acorda suspender a licitación convocada, segundo anuncio de licitación publicado no BOP nº 137/12, do 19 de xullo e no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

8.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que tendo coñecemento que a parcela con referencia catastral 15090A508094140000AR, situada na Ramalleira - Ponte Ulla, se atopa invadida de maleza e en estado de abandono, acórdase comunicarlle a Adif, como titular da parcela, que no prazo dun mes deberá proceder á súa limpeza e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o art. 9.1b) da Lei 9/2002, do 390 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que tendo coñecemento que a parcela nº. 568 do polígono 505 do plano do catastro de rústica deste concello, situada en Gatente -Trobe, se atopa invadida de maleza e en estado de abandono, acórdase comunicarlle a dona Otilia J. Sinde Gil, como titular da parcela, que no prazo dun mes deberá proceder á súa limpeza e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o art. 9.1b) da Lei 9/2002, do 390 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente relativo á reposición da legalidade respecto das actuacións en curso de execución consistentes na construción de edificación pegada ao linde en Trobe, acórdase estimar as alegacións presentadas por don Miguel A. Camino Bouzón en canto á posibilidade de legalización das obras en execución, que deberá solicitar dentro do prazo de tres meses.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de xullo do ano que andamos, pola que en relación coas obras que se executan en Nande -San Fins por parte de don Juan Domínguez Muñiz acórdase a suspensión inmediata das obras de construción do cerramento no que se refire ao linde norte da parcela 619 que discorre ao vial municipal ata que se comprobren as circunstancias reais da situación da parcela e vial.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que se ordena a realización dun contrato de servizos para crear un novo deseño da páxina web municipal, axeitándoa ás necesidades actuais en canto a funcionalidade e dinamismo e aprobar o orzamento presentado por dona Estela Vilasó Navarro, que ascende a 2.400,00 euros máis IVE.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de xullo do ano que andamos, pola que se aproban as bases da convocatoria que rexerán o proceso de selección das prazas de oficial de segunda de protección civil.



A Xunta de Goberno dáse por informada.

9º.- Outros asuntos

9.1.- Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 2º trimestre do 2012.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 2º trimestre de 2012, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financeira de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte: contribuíntes: 62; m³ facturados: 1.032 ; importe total: 1.012,66 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

9.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta da instancia núm. 1132/12 na que dona Nieves Rodríguez Liste , con domicilio en San Xián de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 62% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.3.- Escrito núm. 1070/12 da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do citado escrito no que don Gustavo Alonso en calidade de Presidente da Xunta Directiva da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, expón que os días 20 e 21 de xullo celebrarán o X Festival de Bandas de Música do Patio, polo que solicita unha axuda económica para a celebración do citado evento cultural.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de catrocentos (#400,00#) euros, debendo achegar para o seu cobro xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das catorce horas e vinte minutos.